



Teaching Guide

Identifying Data					2017/18
Subject (*)	Dermatology		Code	750G02026	
Study programme	Grao en Podoloxía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatoria	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Santalla Borreiros, Fátima	E-mail	f.santalla@udc.es		
Lecturers	Santalla Borreiros, Fátima	E-mail	f.santalla@udc.es		
Web	moodle.udc.es				
General description	A materia de Dermatoloxía pretende proporcionar ao alumno unha serie de coñecementos xerais de Dermatoloxía do membro inferior e o seu tratamento. O alumno ao longo do curso adquirirá coñecementos sobre: Semioloxía, histopatoloxía e terapéutica dermatolóxica das principais afeccións dermatolóxicas que afectan ao pé. Afeccións do tecido conectivo. Lesións de orixe vascular. Afeccións zoonosivas e fito parasitarias. Lesións cutáneas benignas, lesións precancerosas e tumores cutáneos. Cirurxía en dermatoloxía e cicatrices.				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A19	Coñecer e identificar os procesos patolóxicos do pé e sistémicos con repercusión podolóxica, pé de risco e os parámetros clínicos patolóxicos das afeccións estruturais e funcionais do aparato locomotor en decúbito, bipedestación estática e dinámica. Identificar as lesións dermatolóxicas e o seu tratamento. Coñecer e aplicar a Farmacoloxía específica de uso podolóxico.
B1	Aprender a aprender.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
O alumno coñece e identifica as lesións dermatolóxicas que afectan ao membro inferior e o seu tratamento.	A19	B1	C1 C3 C4 C5 C7

Contents

Topic	Sub-topic
I. BASES DO DIAGNÓSTICO DERMATOLÓXICO	I.I.ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DA PEL. I.II.LESIÓNS ELEMENTAIS DA PEL. I.III.LESIÓNS ELEMENTAIS DAS UÑAS. I.IV. PROCEDEMENTOS E DISPOSITIVOS DIAGNÓSTICOS



II. AFECCIÓNS DO TECIDO CONECTIVO.	
III. LESIÓNS DE ORIXE VASCULAR.	III.I. ENFERMIDADE ARTERIAL VASCULAR PERIFÉRICA. III.II.VASCULITIS. III.III. ENFERMIDADE DE RAYNAUD III.IV.ERITEMA PERNIO
IV. INFECCIÓNS E INFESTACIÓNS	IV. I. INFECCIÓNS BACTERIANAS IV.II. INFECCIÓNS VÍRICAS IV.III. INFECCIÓNS FÚNGICAS IV.IV. INFESTACIÓNS
V. DERMATOSIS INFLAMATORIAS	V.I. PSORIASIS V.II.LIQUEN PLANO V.III. ECCEMAS/DERMATITIS
VI. LESIÓNS CUTÁNEAS BENIGNAS, LESIÓNS PRECANCEROSAS E TUMORES CUTÁNEOS.	
VII. CIRURXÍA EN DERMATOLOXÍA E CICATRICES.	

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A19 B1 C3 C4 C7	21	42	63
Critical bibliographical	A19 B1 C1 C3 C4 C7	0	13.5	13.5
Mixed objective/subjective test	A19 B1	2	16	18
Seminar	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	21	31.5	52.5
Personalized attention		3	0	3

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	A sesión maxistral consistirá en clases teóricas expositivas con métodos audiovisuais de apoio (presentacións, vídeos...) Facilitarase aos alumnos o material cos contidos teóricos básicos da materia, así como material para traballar na aula ou fóra dela. Todo o material se poñerá a disposición do alumnado por diferentes vías (plataforma virtual, papel, correo electrónico...).
Critical bibliographical	A recensión consistirá na lectura crítica de artigos científicos e outros documentos sobre Dermatoloxía Podolóxica ou temas relacionados coa mesma e a realización de actividades (Resúmenes, esquemas, traducións,...) que no seu momento propoñeranse a través da facultade virtual.
Mixed objective/subjective test	Exame con preguntas de proba obxectiva (70 preguntas tipo test). O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistrais, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica).
Seminar	Os seminarios consistirán en actividades grupales onde se traballarán aspectos e conceptos relacionados co exposto na clase maxistral ou conceptos complementarios a estes. Favorecerase a participación e interacción profesor-alumno. O alumno deberá expoñer polo menos unha actividade a determinar no transcurso da materia.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test	A atención personalizada está destinada a resolver calquera dúbida ou cuestión relacionada coa materia. Desenvolverase de maneira presencial de mutuo acordo co profesor, ou de maneira virtual (vía telefónica, correo electrónico, plataforma de teleformación...etc).



Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A19 B1	O exame incluírá preguntas relacionadas cos contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como nos seminarios, e como nas actividades de lectura de traballos científicos e artigos relacionados coa materia (Recensión Bibliográfica). A máxima puntuación que se pode obter neste apartado son 7 puntos. Unha semana antes do exame facilitaráselle ao alumno a puntuación das preguntas. É necesario obter polo menos o 50% da nota total da proba mixta para superar a materia e poder sumar á cualificación final o resto de items da avaliación.	70
Critical bibliographical	A19 B1 C1 C3 C4 C7	As actividades relacionadas coa recensión bibliográfica son de carácter voluntario. Ó inicio do cuatrimestre facilitaráselle ó alumno as pautas da súa realización e a data límite de entrega.	10
Seminar	A19 B1 C1 C3 C4 C5 C7	A asistencia aos seminarios non é obrigatoria. Realízase un seguimento da asistencia dos alumnos e a participación ós mesmos. A máxima puntuación que se pode obter neste apartado é 2 puntos.	20

Assessment comments

Para poder aprobar a materia a cualificación da "proba mixta" ha de ser maior ou igual a 3,5 sobre 7. Se a cualificación é inferior a esta cifra (3,5), non se sumarán as cualificacións relativas aos apartados "seminario" e "recensión bibliográfica", e a cualificación será "SUSPENSO". Ademais, a nota total da suma das diferentes metodoloxías de avaliación ha de ser igual ou superior ao 50% da cualificación total (5 sobre 10). Os coñecementos a avaliar non se cingirán ao que aparece escrito no material de traballo ou diapositivas entregadas polo profesor. O alumno deberá complementar a información e os contidos explicados na sesión maxistral e nos seminarios coa bibliografía recomendada. A información recollida nas diapositivas é meramente "informativa" e "de apoio" e non son os "APUNTAMENTOS DA MATERIA".

MATRICULA DE HONRA. Os alumnos con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomarase pola nota máis altas.

NON PRESENTADO. Os alumnos que non se presenten á proba mixta serán avaliados como "NON PRESENTADOS", independentemente da participación noutras actividades.

MATRICULA PARCIAL. Os alumnos con matrícula parcial deben ter en conta que a presencialidade e participación nas diferentes actividades da materia é opcional. Para superar a materia poden presentarse á proba mixta, pero a súa nota debe ser igual ou superior ao 50% da cualificación total da materia. A asistencia ós seminarios poderá ser substituída pola realización dun Traballo sobre un tema DERMATOLÓXICO acordado co profesor ó inicio do curso. O alumno debe informar o profesor desta situación como moito ata un mes despois do inicio das clases.

OPORTUNIDADE ADIANTADA. O alumno que non teña pendente máis de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.

2º O POSTERIORES OPORTUNIDADES. Os alumnos presentados a 2º ou posteriores oportunidades gardaráselles as notas da parte de seminario e recensión bibliográfica sempre que participase e superase as diferentes actividades. O alumno que non participase no resto de actividades de avaliación (recensión bibliográfica e seminario) ten que superar a proba obxetiva cunha nota igual o superior a un 5 sobre 10 para superar a materia.

Sources of information

Basic	- ALONSO PEÑA D. Atlas de Dermatología del Pie. 1ª Edición. 2007. Editorial Panamericana.- GARCÍA CARMONA FJ. Dermatología podológica. Guía práctica avanzada. Barcelona: Isdin-Ediciones Mayo 2009.- VALERO SALAS J. Tumores de la piel y de las partes blandas del pie. Santander: Exa 2003.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Guía práctica de Dermatología Podológica. Barcelona: Isdin- Ediciones Mayo 2005.- DAWBER R, BRISTOW I., TURNER W. Text Atlas of Podiatric Dermatology. 2001. Martin Dunitz.- FITZPATRICK. Dermatología en Medicina General. 6ª Edición. 2005. Editorial Panamericana.- FERRANDIZ C., Dermatología Clínica. 2ª edición. Madrid, Hacourt; 2001.- GARCÍA CARMONA FJ, FERNÁNDEZ MORATO D. Abordaje quirúrgico de la patología subungueal. Madrid: Aula Médica 2005.- Kumar, Abbas, Fausto, Mitchell; Robbins; Patología Humana. 2008. Elsevier.
-------	--



Complementary	- Revista Internacional de Ciencias Podológicas- Journal of the American Podiatric Association (JAPMA)- Journal of Dermatological Science- http://www.dermfoot.com - http://www.iqb.es/dermatologia/atlas/
----------------------	--

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

General Human Anatomy /750G02001
Specific Anatomy of the Lower Limb/750G02002
General Physiology/750G02003
Physiology of Systems/750G02004
Biology/750G02005
Microbiology and Parasitology/750G02007
General Pathology/750G02008
Pharmacology/750G02009
Chiropody 1/750G02027
Chiropody 2/750G02028
Infection Prevention Techniques and Procedures/750G02032

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Preventive Podiatry/750G02015
Podiatric Surgery 1/750G02029

Subjects that continue the syllabus

Pharmacological Therapy/750G02024
Podiatric Surgery 2/750G02030
Diabetic Foot/750G02031

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.